

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 31 DE AGOSTO DO 2023.

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA FURONES RAMOS JUAN LUIS ABRALDES PEREZ FERNANDO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO OROSA JOSE Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Trinta e un de Agosto do Dous mil vinte e tres, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- AUTORIZACIÓN PARA O CAMBIO DE UBICACIÓN E AMPLIACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jorge González González


Vistos os escritos presentados por **Jorge González González**, de data 14/06/2023 (Registro de entrada nº 14.735), no que solicita autorización para o cambio de ubicación e ampliación temporal dun posto de venda ambulante (remolque adaptado churraría), os días 1 ao 30/09/2023, situado en Corrubedo, segundo o plano de situación que se achega para a nova ubicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jorge González González** para o cambio de ubicación e ampliación temporal dun posto de venda ambulante (remolque adaptado churraría), os días 1 ao 30/09/2023, situado en Corrubedo, segundo o plano de situación que se achega para a nova ubicación.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).



- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



2.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (XXIV CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 28/08/2023, relativa á aprobación de prezos públicos para a participación na “XXIV Carreira Popular Santa Uxía” o 30/09/2023

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polos departamentos de Intervención e Tesourería, de data 28/08/2023

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes prezos públicos:

Participantes	Ingreso por participante
200 (Carreira de Ribeira)	6,00 €
150 (Circuíto Arousa Norte)	5,00 €



2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

3.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA 2023)

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro**, de data 25/08/2023, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2023”.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/08/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Autorizar a celebración da programación da “Mostra de Teatro de Ribeira 2023”

2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2023”:

- Prezo xeral por reserva de butaca para cada función: **4,00 €**
- Bono para todas as representacións da mostra: **25,00 €**

3.- **Aprobar** a normativa de adquisición das entradas, según o sinalado na citada proposta.

4.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

4.- APROBACIÓN PAGO A PREMIADOS DO “XIV PREMIO ATLANTE DE GRAVADO – ANO 2023”

Vista a proposta de resolución emitida pola **Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro**, de data 28/08/2023, no que propón a aprobación do gasto e o recoñecemento da obriga correspondente aos premios Atlante da edición 2023, e que se proceda ao seu pagamento.

Vista a documentación que consta no expediente, con certificación do fallo do Padroado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, de data 17/08/2023, que inclúe o listado dos premiados do “XIV Premio Atlante de Gravado – Ano 2023”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pago aos premiados do “XIV Premio Atlante de Gravado – Ano 2023”, según a seguinte relación, que consta no expediente:

- PRAKARN JANTARAVICH: 5.000,00 €



- CAROLINA BOUZA CALVO: 2.000,00 €
- MARÍA CARMEN ISASI MARTÍNEZ: 2.500,00 €
- FEDERICA BAU: 2.500,00 €
- MARCO POMA: 2.500,00 €

5.- SOLICITUDE HABILITACIÓN DE RESERVA DE ESTACIONAMIENTO EXPRESS NA RÚA ESTATUTO (RIBEIRA) - Asociación Española de Lucha contra el Cáncer

Visto o escrito presentado por Manuel Aguilar López en representación da **Asociación Española de Lucha contra el Cáncer**, de data 12/06/2023 (Rexistro de entrada nº 14.337), no que solicita a habilitación de reserva de estacionamiento express na Rúa Estatuto (Ribeira), para facilitar o acceso de pacientes e usuarios á nova sede de dita asociación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar á habilitación de reserva de estacionamiento express (zona azul de 15') na Rúa Estatuto (Ribeira), para facilitar o acceso de pacientes e usuarios á nova sede de dita asociación, así como para dar servizo a outros establecementos comerciais e hostaleiros e un colexio, segundo o sinalado no citado informe policial.

6.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTAS DO VERÁN DE SAN MARTIÑO DE OLEIROS – Asociación Comisión de Festas San Martiño de Oleiros

Visto o escrito presentado por Ernesto Pego Moreiras en representación da **Asociación Comisión de Festas San Martiño de Oleiros**, de data 28/08/2023 (Rexistro de entrada nº 19.612), no que solicita autorización e colaboración municipal para a celebración das Festas do Verán de San Martiño de Oleiros, os días 1, 2 e 3 de setembro de 2023, na explanada do Local Social de Oleiros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración das Festas do Verán de San Martiño de Oleiros, os días 1, 2 e 3 de setembro de 2023, na explanada do Local Social de Oleiros.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

